

Recensións
Reviews

DE PAULA DA SILVA MARTINS, Vicente (2021). *Luzia-Homem: dicionário de cultura linguística*. São Carlos: Pedro & João Editores. ISBN 978-65-5869-453-3, 238 pp.¹



A importancia cultural dunha obra literaria pode ser avaliada polo seu impacto diatópico e diacrónico. Existen obras circunscritas aos límites provincianos da súa produción, que non escapan ao efémero do seu lanzamento; e hai outras que non se deixan aprisionar nas fronteiras, recibindo incluso traducións e versións intersemióticas, e que non se suxeitan á súa dimensión cronolóxica, senón que se proxectan de xeración a xeración, desafiando así a continxencia histórica da súa xénese. Lanzada en 1903, todo leva a considerar que a obra *Luzia-Homem*, de Domingos Olímpio, é un exemplo do segundo caso.

Desde o punto de vista cualitativo, unha obra literaria ten a súa repercusión medida pola fortuna crítica que esperta. Unha produción mediana pode ata suscitar

unha nota social nun xornal, como para sinalar que un rebento cultural chegou ao mundo, o cal é xusto e non deixa de ser necesario; mais só as producións literarias culturalmente impactantes van merecer estudos máis alentadores, que frecuentemente acendan a chama da polémica, xa que a realización discursiva é sempre un espazo de negociación de valores. E só un menor número destas últimas, aquelas que se transforman en monumentos identitarios, son contempladas con edicións críticas e incluso dicionarios especializados.

Co título *Luzia-Homem: dicionário de cultura linguística*, de Vicente Martins, non cabe dúbida de que a obra capital de Domingos Olímpio xa goza desa distinción: a que recibiu algunha crítica literaria puntual e non poucas veces equivocada en boa parte do século pasado, acabou gañando un novo impulso pola resposta que lle deu a investigación universitaria desde data próxima ao seu centenario. E agora recibe o seu dicionario.

Cómpre lembrar que Vicente Martins ten unha ampla experiencia no ensino superior como profesor da Universidade do Vale do Acaraú – na cidade onde se ambientan as escenas fundamentais da novela – e é investigador dedicado á Lexicoloxía, cunha significativa contribución académica, o cal conta xa coa súa terceira fase postdoctoral, cos seguintes estudos: «Frasemário Cultural: Identificação, Classificação e Constituição de *Corpus* de Culturemas nos Romances do Nordeste Brasileiro» (Universidade Federal da Bahia, 2016-2017); «Os Culturemas no Discurso Lítero-Musical das Letras de Canção Brasileira» (Universidade Federal do Ceará, 2019-2020); e «Os Bilibicmos na Literatura Brasileira» (Universidade de Santiago de Compostela, España, en curso).

¹ Recensión traducida ao galego da orixinal en portugués por Nuria García García.

O dicionario, que teño a oportunidade de ler no seu nacemento, recibe unha coidada edición de 238 páxinas, preparada por Pedro & João Editores, de São Carlos (SP), cunha caprichosa capa na que aparece unha moza cearense² como para recordar non só o simbolismo feminino da novela, senón tamén o brillo intelectual da rapaza universitaria. Si, porque o libro brotou no ámbito académico, nos piares da docencia, investigación e extensión. A editora ten o seu Consello Científico, que inclúe a Augusto Ponzio (Bari, Italia), João Wanderley Geraldi (Universidade de Campinas), xunto con outros investigadores non menos valiosos. Cómpre destacar o propósito de Peter & João, que, militando no difícil campo editorial das Ciencias Humanas, sustenta estas felices palabras na súa páxina institucional: «Soñar dá traballo! Moito traballo! Mais aínda así a nosa intención é continuar soñando!»³.

Aínda nos elementos paratextuais do libro, Vicente Martins amósase agradecido aos ataques da crítica literaria máis recente, é dicir, a que tivo unha mirada máis positiva sobre *Luzia-Homem*: «A todos rindo as miñas sinceras homenaxes polas súas ricas investigacións e inspiradoras producións académico-culturais»⁴.

A introdución, chamada «As clásicas "duas palabras"», con certeza sorprenderá aos que imaxinan unha apertura protocolaria dun dicionario. Nela revélase inicialmente a afinidade epistemolóxica neurocognitiva do lexicólogo, abríndose o «cerebro do lector», na expresión de Stanislas Dehaene, para explicar a orixe da fascinación proporcionada polo léxico desta novela. Dese xeito, el fai a súa anamnese, buscando no espazo-tempo da memoria reconstituír escenas da súa experiencia escolar de alfabetización. Aí el xa experimenta a epifanía lexical: nas primeiras experiencias de lectura literaria el xa tiña a intuición de que certas palabras tiñan o poder de evocar a cultura, sobre todo os elementos telúricos da cultura, algo que, nos tempos de ensino superior gañaría nomes pomposos como *verosemellanza*:

Hai catro décadas non sabía nada de Sobral, cidade a 220 km de Fortaleza. Na escola encomendáronme ler LH e, por primeira vez, tiven unha noción de tempo e espazo de Sobral, cidade situada na mesorrexión noroeste do Estado de Ceará. No campo da literatura tampouco sabía nada do concepto de verosimilitude (ligazón entre feitos e ideas nunha obra literaria). O léxico axudoume a entender máis sobre as cidades do semiárido, os pobos e as súas culturas telúricas. (Martins 2021: 11)⁵

Nesas memorias, percíbese a fascinación suscitada por certas palabras, aquelas capaces de urdir non só a trama polisémica do texto literario, senón tamén de vincular un texto literario con outros textos, ben artísticos, ben ensaísticos. Neste segundo caso, Vicente Martins destaca o simbolismo cromático, estudado polo seu colega Francisco Vicente de Paula Júnior, na investigación sobre a semántica das cores na literatura fantástica.

² Trátase de Aparecida Farias, natural de Cariré (CE), que fai o grao en Letras na UVA.

³ Disponible en <<https://pedroejoaoeditores.com.br/site/sobre/>>. Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

⁴ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

⁵ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

Considerándose metaforicamente a arquitectura do texto, algunhas palabras abriron portas ao texto, a outros textos en particular e á cultura en xeral. Na expresión «obra ciclópica», por exemplo, no segundo parágrafo do capítulo inicial de *Luzia-Homem* (na descrición do traballo de construción da cadea de Sobral), abriuselle unha porta á mitoloxía grega. Posteriormente, no exercicio do ensino superior, el ofrecería aos estudantes a oportunidade de ler esta novela desde unha perspectiva interdiscursiva, con aberturas para outras obras, para valores culturais e históricos, feito especialmente relevante cando se trata dunha ficción que reconstitúe o ambiente de Sobral en 1878, nada menos que o segundo ano da máis tráxica seca do nordeste.

Despois das páxinas introdutorias, vese que, pola súa organización, o dicionario non é só unha listaxe de entradas. Ten o coidado de presentar un resumo da novela, que ademais asocia con outros títulos rexionalistas brasileiros, alén de explicar a proposta teórico-metodolóxica adoptada, que recolle o concepto de *culturema* e os procedementos para a súa descrición. O termo é así definido polo lexicólogo: «Culturema⁶ é unha unidade lingüística discreta tan lingüísticamente marcada como un fonema, un grafema, un morfema ou un prosodema» (Martins, 2021: 24)⁷. Despois das páxinas iniciais, vén xa propiamente o dicionario, dividido nos subapartados «Locuções verbais», «Locuções nominais», «Compostos», «Provérbios», «Cultura Linguística em LH, por capítulo», «Antropoculturemas (personagens) em LH» e «Léxico de Lacunas em LH, segundo Afonso de Taunay». Despois das referencias, veñen dous anexos, nos que o autor explica a adaptación que fixo das categorías analíticas de Paula Igareda, tendo en conta o corpus literario: «Fixemos a recategorización e creamos unha terminoloxía propia para os culturemas suscitados ao longo da lectura de obras literarias» (Martins, 2021: 21)⁸.

En canto á edición estudada, Vicente Martins utilizou a prudencia filolóxica, apoiándose na segunda edición da novela, de 1929, e non na primeira, de 1903. El explica a elección por un motivo bastante convincente: a primeira edición das obras, en xeral, adoita ser a que máis sofre de erros tipográficos. Eu tamén engadiría o feito de que Domingos Olímpio, falecido en 1906, non coñecería as sucesivas edicións da súa obra capital, así que non tería tempo nin oportunidade para facer as modificacións habituais demandadas en cada tiraxe. Moi diferente doutro exemplo tamén de principios do século pasado, que foi a primeira edición de *Os sertões*, de 1902, cos oitenta erros corrixidos polo propio Euclides da Cunha: multiplicados por mil exemplares, tería feito nada menos que oitenta mil correccións a man (Rabelo, 1948: 165).

⁶ Pódese ver a correlación do termo *culturema* con outros estabilizados en Lingüística. Chamoume a atención a composición híbrida de *culturema*. Un impulso purista recordoume a posibilidade da forma *etnema*. Porén, *etnema* xa ten o seu lugar na terminoloxía antropolóxica: “*etnema* En antropoloxía cultural, cada compoñente que compite por constituir o conxunto polivalente da cultura nas súas variantes conceptuais e normativas, ambientais e históricas, como os sistemas de pensamento, parentesco, parentesco, traballo, dereito, política, relixión e de calquera outra estrutura do saber e do comportamento”. Dispoñible en: <<https://www.treccani.it/enciclopedia/etnema/>>. Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

⁷ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

⁸ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

Vicente Martins mantivo a ortografía da segunda edición. Con base nela traballou, contando coa colaboración de estudantes bolseiros (Funcap), na identificación e listaxe de culturemas – que el traduce como «rexionalismos fraseolóxicos». O investigador recoñece así o valor do seu equipo de traballo:

[...] para a publicación desta obra, non podería deixar de agradecer publicamente a Francisco Romário Rodrigues, responsable da dixitación da 2ª edición de LH 2, atento á ortografía vixente en 1929; e a Alice Rodrigues de Sousa e a Francisco Ildomar da Silveira, ambos os dous actualmente graduados en Letras – Alice e Ildomar traballaron como bolseiros de iniciación científica (FUNCAP) – os tres foron os primeiros investigadores en recoller o léxico, segundo os ámbitos de culturemas (rexionalismos fraseolóxicos) establecidos pola metodoloxía do docente orientador (Martins 2021: 12)⁹.

As edicións electrónicas dispoñibles en Internet resultaron ser útiles para o investigador. Tamén se realizou unha revisión das investigacións sobre a obra, incluíndo artigos, disertacións e teses. Ademais, obviamente non faltarían os dicionarios, tanto o de uso máis xeral (Houaiss) como o folclórico (Câmara Cascudo).

Nesta síntese, o estudoso describe os coidadosos procedementos no trato dos achados léxicos:

Nun primeiro momento, realizouse unha enquisa de palabras e expresións que tivesen ese teor cultural. Despois dunha escolma do que se consideraba ou non culturema, algunhas expresións foron descartadas e outras foron debidamente contextualizadas e comentadas, e, en cada comentario, buscábase descubrir o valor cultural, fraseolóxico e lingüístico da expresión en cuestión, a través das súas orixes, etimoloxías e significados, así como buscando, na intertextualidade, materiais e investigacións en relación co culturema seleccionado¹⁰. (Martins 2021: 25).

A redacción das entradas seguiu este esquema: aparición do culturema, asignación con citación da obra *ipsis litteris*, sentido (con oportunos comentarios e alusións a outras obras, nas que aparece o culturema en cuestión).

Debido ao seu alto valor filolóxico, sorprende a cantidade de achados que, segundo o investigador, datan da edición de 1903 de *Luzia-Homem*¹¹, é dicir, aínda non tiñan rexistro escrito en obras anteriores. Eis algúns exemplos que, para os cearenses, soan coñecidos¹²:

Locucións verbais: dar fê / não dar fê [afirmar como verdade], dar nas vista / dar logo na vista [facerse público, chamar a atención], deixar(-se) de mão [cesar a preocupación por algo, abandonar], estar pela hora da morte [dise dunha mercadoría moi cara], estar fazendo quarto [velar a un defunto ou asistir a un doente], fazer finca-pé [manterse firme, teimar], não fazer caso [non demostrar interese], fazer feio (com alguém) [actuar mal], fazer por

⁹ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

¹⁰ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

¹¹ Nunha palestra celebrada na UVA en 1997 tiven a honra de compartir mesa co falecido José Alves Fernandes, quen daquela fixo comentarios sobre o espírito pioneiro de *Luzia-Homem* no rexistro do léxico rexional de Ceará.

¹² A tradutora incluíu entre corchetes o significado desas locucións e proverbios, para o cal empregou o libro recensionado nestas páxinas.

onde [dar motivo a algo], fazer roda a [procurar o amor ou a simpatía de alguén], (ficar) pelle e osso [quedar moi delgado/a], metter o pé na carreira [saír correndo], morrer de um nó na tripa [morrer a causa dunha interrupción do funcionamento normal do intestino], (ser) macaca velha [ser astuto/a], ter panos para as mangas [dar que falar], ter sangue de barata [non gustar de pelexas] etc.

Locucións nominais: aberta dos peitos [que ten os músculos pectorais relaxados e cae facilmente a causa dun esforzo excesivo], á fina forza [sen atender a razóns], armados até os dentes [con moitas armas], cabresto curto [sen liberdade], carne de sol [cecina de tenreira lixeiramente salgada e secada ao sol ou ao vento], meia agua [casa con tellado dun só plano], não-sei-que-diga [dise informalmente do diaño], papa-ceia [planeta Venus], raiz de péga-pinto [planta con propiedades medicinais] etc.

Dentro dos proverbios recollidos, algúns teñen forte sabor rexional: Aonde vocês botam o pirão que comem [fórmula para infundir ánimo ou resistencia]; Barco parado não ganha frête [proseguir nas actividades normais pese as dificultades]; Boi solto, lambe-se todo [abusar das vantaxes da liberdade]; Quem cabras não tem e cabrito vende [proverbio que vén de *Quem cabras não tem, e cabritos vende, de algum lugar lhe vêm*, polo tanto, ou se é dono do que se mostra ou fúrtase].

A sección «Cultura linguística em LH, por capítulo» presenta a distribución dos achados en cada capítulo, o que, ademais de facilitar a consulta, permite ver a distribución equilibrada desas ocorrencias ao longo da obra literaria de Domingos Olímpio.

No apartado «Antropoculturemas (personagens) em LH» hai un coidado estudo onomástico. Todas as ocorrencias aparecen en pasaxes da novela, e sinálase o número de veces que aparecen, así como o das súas variantes. Algúns destes nomes contribúen a reiterar a figuración rexionalista que pretende o enunciador do discurso literario, como no rexistro da pronuncia popular en *tia Catirina* ou no uso de hipocorísticos, como *Lixande* ou *Quinotinha*. Tamén se percibe, na sucesión onomástica, o contraste social entre un ilustre *Capitão Francisco Marçal* e unha desprestixiada «Juana Cangaty», tipificando así as clases populares.

Finalmente, a sección «Léxico de lacunas, segundo Afonso de Taunay» verifica os rexistros publicados en 1914. Así, Vicente Martins (2021: 221) recoñece o carácter pioneiro desa obra nos estudos de *Luzia-Homem*: «Certamente, é unha das primeiras obras en recoñecer a LH como fonte de aval e de datación da lexicografía brasileira»¹³. Do traballo de Taunay, Vicente Martins toma os seguintes exemplos, mostrando a súa respectiva aparición no texto da novela: alvarinto, baticum, cabeloiro, cacúlo, capiongo, decomer, entojar, maldar, rendengue, tenencia e terça. Deles, separo os dous primeiros, pedindo permiso para a digresión, logo de consultar tres referencias: o *Vocabulário ortográfico da língua portuguesa* (VOLP), da Academia Brasileira de Letras, o *Dicionário etimológico Nova Fronteira da língua portuguesa*, de Antônio Geral da Cunha, e a versión electrónica de *Caldas Aulete*.

¹³ Cita traducida ao galego pola tradutora da recensión.

Non atopei o primeiro – *alvarinto* – en ningunha destas obras, o que chama a atención, xa que Taunay o rexistra en 1914.

O segundo – *baticum* – rexístrase nestes tres traballos. No VOLP rexístranse as variantes *batecum* e *baticum*. A datación de Taunay de 1903, porén, contrasta coa de Cunha, que sitúa ese substantivo xa no século XVIII: «A forma *baticum* é mera ver. nasalizada de *batecu*».

Pero isto é só unha digresión. O que importa é que *Luzia-Homem*, testemuño ficticio dunha época, documentou con gran detalle a cultura interior cearense, consolidándose dese xeito como fonte para quen ten a formación e a sensibilidade para recoñecerlle o seu debido valor.

Vicente Martins desde moi cedo, xa na época da súa alfabetización escolar, sentiuse tocado pola chamada instigadora desta novela, desafiado pola riqueza do seu léxico. Na súa madurez como investigador non perdeu o encanto dese chamado e contribuíu de forma efectiva á fortuna crítica do legado principal de Domingos Olímpio. Humilde como os verdadeiros sabios, el propón este *Luzia-homem: dicionário de cultura linguística* como prototipo que, sometido ao público interesado, recibirá o necesario retorno enunciativo para a súa mellora. A fin de contas, como asegura o propio Vicente Martins, a primeira edición é proba, mais é a segunda a que comproba.

Aínda tendo algunha experiencia na investigación desta fermosa novela, saio aínda máis engaiolado co seu valor cultural. E non dubido en asegurar que o dicionario de Vicente Martins é a columna que faltaba na construción crítica dese monumento que deixou Domingos Olímpio.

Bibliografía

Rabelo, S. (1945). *Euclides de Cunha*. CEB.

José Leite Jr.
Universidade Federal do Ceará
leitejr@ufc.br